


**ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE
IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DA LARACHA PARA O
FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO
SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE A LARACHA**

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.



Doutra parte, José Manuel López Varela, actuando en representación do Concello de A Laracha, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para subscribir a presente Addenda e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- Que con data de 7 de setembro de 2016 foi asinado o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante Consorcio) e o Concello da Laracha (en diante Concello) para o financiamento das obras de construción do Centro Sociocomunitario do Concello da Laracha.

II.- Que ao ser Caión o extremo oriental e albergar o primeiro porto da Costa da Morte desde a cidade da Coruña, ambas as partes consideran de interese a modificación do

nome do proxecto e, consecuentemente, da obra obxecto de financiamento, e que pase a denominarse *Centro Comunitario "Costa da Morte"*.

III.- Que en consecuencia, e co fin de adaptar as estipulacións do convenio a esta nova denominación, faise necesaria a tramitación dunha Addenda ao convenio asinado o 7 de setembro de 2016, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.

Modifícase exclusivamente a denominación do *Centro Sociocomunitario do Concello da Laracha* que pasa a denominarse *Centro Comunitario "Costa da Morte"*. En consecuencia, naquelas cláusulas nas que se contén a denominación de Centro Sociocomunitario Costa da Morte substitúese esta pola denominación de *Centro Comunitario "Costa da Morte"*.

Segunda.

Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.

E en proba de conformidade cos seus termos, as partes comparecentes asinan a presente addenda por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO
DE SERVIZOS DE IGUALDADE
E BENESTAR



CONSORCIO GALEGO
de Servizos de Igualdade e Benestar

José Manuel Rey Varela

O ALCALDE DO CONCELLO DA
LARACHA



José Manuel López Varela